

Industria e investimento centran o almorzo do Foro Económico da Galiza con Ana Pontón

Os almozos organizados polo Foro Económico da Galiza tiveron esta quinta feira como convidada a portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, nun acto no que estiveron presentes membros desta entidade, co seu director, Santiago Lago; á fronte. No almorzo foron abordados diversos asuntos que están na axenda parlamentaria da lexislatura que vén de comezar. A portavoz do BNG falou de tecnoloxía, da necesidade de atraer inversión á Galicia, da transición enerxética, do modelo de financiación autonómica e, de xeito especial da situación do tecido industrial de Galiza. Durante case as dúas horas do almorzo, tamén foi abordado o futuro do proxecto de Altri, así como o sector forestal como eido estratéxico para o desenvolvemento e dinamización do rural. Tamén os participantes abordaron a necesidade de incrementar os fondos para investigación nas Universidades galegas e como potenciar as relacións das universidades e co tecido empresarial.



photo_camera Santiago Lago, Ana Pontón e Noa Presas (Foto: Arxina)